

## **PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS PRÁCTICAS DO GRAO EN SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

(Aprobado en Comisión de Calidade, Estratexia e Organización da Facultade de Socioloxía celebrada o mércores día 14 de setembro de 2016)

(Aprobado en Xunta de Facultade celebrada o luns día 26 de setembro de 2016)

(Modificacións aprobadas en Xunta de Facultade celebrada o venres 15 de decembro de 2017)

(Modificacións aprobadas en Xunta de Facultade celebrada o venres 5 de novembro de 2021)

## CONTIDOS

**I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO PRESENTE PROCEDEMENTO.**

**II. CONCEPTO E NATUREZA DAS PRÁCTICAS EXTERNAS.**

**III. OBXECTIVO E FIN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS.**

**IV. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS.**

**V. RÉXIME XERAL DAS PRÁCTICAS EXTERNAS.**

- 1. Normas xerais.**
- 2. O estudantado en prácticas.**
- 3. Adscrición de alumnos/as aos centros de Prácticas.**
- 4. Desenvolvemento das Prácticas.**
- 5. Avaliación.**
- 6. Excepcións.**

## ANEXOS

**I. MODELO DE CONVENIO DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES.**

**II. FICHA DO CENTRO DE PRÁCTICAS.**

**III. IMPRESO DE SOLICITUDE DE CENTROS DE PRÁCTICAS.**

**IV. COMUNICACIÓN DE ASIGNACIÓN DE CENTRO E TORIZACIÓN.**

**V. PROXECTO FORMATIVO.**

**VI. INFORME DO/A TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS.**

**VII. INFORME DO/A TITOR/A ACADÉMICO/A DE PRÁCTICAS EXTERNAS.**

**VIII. INFORME DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO SOBRE O CENTRO DE PRÁCTICAS.**

**IX. MODELO DE MEMORIA FINAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ESTUDANTE.**

**X. DOCUMENTO DE INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS**



## **I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO PRESENTE PROCEDIMENTO.**

O obxecto do presente Procedemento é regulamentar o marco de funcionamento das prácticas externas do alumnado en empresas, entidades do terceiro sector e institucións que, mediante convenio, formen parte do programa de estudos do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña. Este Procedemento, polo tanto, afecta de maneira exclusiva, ás prácticas externas curriculares, tal e como se definen no artigo 24 do *Estatuto do Estudante Universitario*, así como no *Real Decreto 592/2014*, que establece o marco legal polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario.

## **II. CONCEPTO E NATUREZA DAS PRACTICAS EXTERNAS.**

As prácticas externas son unha actividade de carácter formativa e obrigatoria que se realiza por medio dun sistema de permanencia regrada nunha empresa, nunha entidade non gubernamental, nun organismo, institución administrativa, económica ou profesional ou nun centro ou grupo de investigación (de carácter público ou privado), que fosen convocadas de acordo co presente Procedemento.

## **III. OBXECTIVO E FIN DAS PRACTICAS EXTERNAS.**

1. As prácticas teñen como obxectivo fundamental complementar a formación teórica do alumnado e facilitar a súa inserción no mundo laboral-investigador.
2. As prácticas permitirán a asimilación por parte do alumnado da realidade institucional, empresarial ou investigadora no ámbito das súas respectivas profesións futuras por medio da consecución, en particular, dos seguintes fins:
  - a) Formación integral do alumnado ao equilibrar a súa formación teórica e práctica.
  - b) Adquisición por parte do alumnado da metodoloxía de traballo adecuada á realidade en que haberá de actuar tras a súa incorporación ao mundo laboral.
  - c) Obtención de experiencia profesional que facilite a inserción do alumnado no ámbito laboral.
  - d) Desenvolvemento da capacidade de decisión e do espírito crítico do alumnado.
  - e) Preparación do alumnado para o desenvolvemento de actividades en grupo.
  - f) Favorecer e promover a relación entre a institución universitaria e aquelas outras de natureza pública ou privada nas que se desenvolvan as prácticas.
  - g) Coñecemento e familiarización do alumnado co traballo profesional.

## **IV. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS.**

A xestión do programa de prácticas externas correrá a cargo do/a Coordinador/a do Practicum que é a persoa encargada de realizar todas aquelas actividades relacionadas coa posta en marcha e seguimento das prácticas. En concreto, correspóndelle ao/á Coordinador/a:

- a) Establecer os contactos necesarios coas institucións públicas e privadas candidatas a formar parte do programa de prácticas e recibir e tramitar as solicitudes de centros de prácticas que soliciten formar parte do Practicum.
- b) Administrar o procedemento de sinatura dos convenios necesarios para levar a cabo o programa de prácticas.
- c) Realizar a asignación dos centros de prácticas aos/ás estudantes, de acordo co que se establece no seguinte apartado deste Procedemento.
- d) Realizar as tarefas de tutoría académica e avaliación dos/as estudantes en prácticas.
- e) Solicitar aos/as titores/as profesionais as correspondentes probas de avaliación para a súa consignación nas actas en tempo e forma.
- f) Resolver todas aquelas cuestións relacionadas coa xestión administrativa do Programa de Prácticas. Por tanto, exclúense da súa competencia os posibles conflitos derivados da avaliación dos/as alumnos/as en prácticas, que seguirán o procedemento establecido para estes casos nas regulamentacións propias da Universidade da Coruña.
- g) Se é posible, celebrar ao inicio de cada curso unha xornada de presentación do Practicum destinada a explicar con detemento ao alumnado: a oferta de prazas, os trámites burocráticos a desenvolver, e outros aspectos de relevancia. Tentarase que en dita xornada acuda o maior número posible de empregadores/as e/ou titores/as profesionais que presenten as súas respectivas empresas/institucións participantes no Practicum.

## **V. REXIME XERAL DAS PRÁCTICAS EXTERNAS**

### **1. Normas xerais.**

- a) As prácticas deben realizarse nunha organización coa que a Universidade da Coruña teña asinado un convenio (ANEXO I). A Universidade asinará un convenio de colaboración coa organización na que se realizarán as prácticas, onde se especifique con claridade que o estudiantado é acollido unicamente como persoal en prácticas, sen que teña dereito a esixir ningún tipo de contraprestación económica nin adquirir ningún dereito laboral.
- b) As prácticas están xestionadas polo/a Coordinador/a da Facultade, e tutorizadas por este e polo titor profesional.
- c) En ningún caso, serán os estudantes a iniciativa propia os que establezan comunicación con centros conveniados de cara a asignación das prazas.
- d) O/A titor/a profesional será nomeado pola organización na que se realicen as prácticas e será a persoa encargada do plan de traballo do estudante en coordinación co titor/a académico/a. Así mesmo, o/a titor/a profesional e a persoa de contacto coa Facultade.

### **2. O estudiantado en prácticas.**

- a) O/A estudante en prácticas é aquel que, unha vez superado a lo menos o 75% dos créditos ECTS da titulación, solicitou formalmente a súa incorporación ao Programa de Prácticas e recibiu por parte do/da Coordinador/a de dito Programa a asignación correspondente da institución onde realizará as prácticas e do/da seu/súa titor/a en dita institución, así como do titor/a que se encargará da súa supervisión académica.

b) Os/As estudantes en prácticas gozan dos dereitos e contraen as obrigas establecidas con carácter xeral para os/as estudantes universitarios/as, no Capítulo II do *Estatuto do Estudante Universitario*.

c) Se houbera algún/unha estudante interesado en facer as prácticas nunha institución concreta, poderá propoñer á UDC a sinatura dun convenio, nos termos descritos anteriormente. Dito convenio motivado deberá asinarse con anterioridade ao comezo das prácticas e, como moi tarde, 15 días antes da convocatoria oficial de prazas do Practicum.

d) É moi importante que o estudantado en prácticas consulte e preste atención á súa conta de correo electrónico da UDC como canle prioritario de comunicación para calquera notificación, seguimento ou información relativa ao proceso de solicitude, desenvolvemento e entrega de documentación relativa ao Practicum.

### **3. Adscrición de alumnos/as aos centros de Prácticas.**

a) Todos os anos, a Facultade a través do/da Coordinador/a das prácticas, abrirá un prazo para que os/as estudantes soliciten a realización das mesmas, para o cal se disporá dunha listaxe cos Centros nos que se poidan realizar as prácticas. A devandita convocatoria realizarase considerando o número de alumnos/as matriculados/as na materia no mes de setembro de cada ano académico.

b) Despois de coñecer as organizacións coas que existe convenio de prácticas, cada estudante deberá elixir prioritariamente oito das organizacións coas que existe convenio (ANEXO III). Neste primeiro proceso non poderá participar o/a estudante que se acolla á opción de realizar as súas prácticas mediante un convenio motivado (de facelo, se entende que o/a estudante renuncia á praza acadada mediante dito convenio motivado).

c) De xeito xeral e salvo excepcións, pechado o prazo de solicitudes, o/a Coordinador/a asignará os Centros de acordo cos seguintes criterios: 1º) Expediente; 2º) Preferencia do Centro, caso de que as houbese. Isto último, con máis detalle, supón que os Centros, sempre que así o manifesten, poden facer unha selección do/a/s alumno/a/s candidato/a/s atendendo as competencias previas definidas na convocatoria, e comunicadas en tempo e forma ao Coordinador/a.

No caso de que haxa estudantes ós que non se lle asigne praza en ningún dos centros elixidos de maneira priorizada na súa solicitude, a Facultade a través do/da Coordinador/a das prácticas, abrirá un segundo prazo e levará a cabo unha segunda convocatoria do Practicum para que ditos estudantes soliciten praza nos restantes centros de prácticas con prazas vacantes.

En casos excepcionais, e no caso de que continúe habendo estudantes sen praza asignada, poderá levarse a cabo unha terceira convocatoria.

d) Unha vez asignados os Centros, e de ter o/a Coordinador/a de prácticas comunicación escrita da conformidade do Centro a través do/da titor/a profesional, o/a Coordinador/a notificaralle a cada estudante o seu destino e o nome do/da titor/a profesional (ANEXO IV).

### **4. Desenvolvemento das Prácticas.**

a) As prácticas realizaranse no período establecido pola Facultade. A súa duración ha de sumar 275 horas, que se computarán por 11 créditos ECTS. O crédito ECTS restante será empregado polo estudante para o deseño previo da súa actividade no centro e para a elaboración da Memoria de Prácticas. Ao comezo do período de prácticas o/a estudante acordará co/a titor/a profesional o horario e calendario concreto de realización das prácticas, segundo os horarios habituais do Centro de prácticas.

b) O/A titor/a profesional propondrá un plan de traballo ao/á alumno/a en coordinación co/ca titor/a académico/a, que deberá contar co visto e prace de este na súa calidade de Coordinador/a da Facultade.



De non ser así, cada estudante deberá elaborar e xestionar, na medida do posible, a súa propia proposta de prácticas en base aos seus intereses e ás posibilidades da organización e fará un plano de traballo acordado co/ca titor/a do centro de prácticas e aprobado polo/a Coordinador/a.

c) No momento de coñecer a súa asignación a un centro de prácticas, o/a estudante será o responsable de presentarse ante o/a seu/súa titor/a. A partir dese momento, os pormenores da relación titorial, agás polo que se refire á presentación da Memoria de Prácticas (horas de titorías, entrevistas, presentación de informes, etc.), serán establecidos polo/a titor/a académico coa participación, no seu caso, do propio estudante.

d) O alumnado adaptárase ao réxime e horario establecido polo/a titor/a profesional e ao lugar de realización das prácticas, que poderá ser a sede da organización ou calquera outra localidade que requira o desenvolvemento das actividades programadas.

## 5. Avaliación.

A avaliación das prácticas farase a partir dun informe emitido polo/a titor/a profesional e da Memoria de Prácticas elaborada polo alumnado e avaliada polo titor/a académico/a:

a) A avaliación do/da titor/a profesional consistirá en contestar un cuestionario remitido a o/a titor/a académico/a no que se recollen aspectos relacionados co profesional, coa puntualidade, coa laboriosidade, coa adaptación ao medio, coas relacións humanas, coa motivación etc. (ANEXO VI). Este apartado sumará o 50% da nota.

b) 15 días despois de rematar o período de prácticas, cada estudante presentará ao titor/a académico/a unha Memoria de Prácticas (entre 10 e 15 folios). Esta Memoria (ANEXO IX), avaliada polo titor/a académico/a nunha escala de 0 a 10, terá un peso do 50% na cualificación final do/da estudante. Nesta Memoria deberán incluírse os datos relativos á práctica realizada e atenderá, necesariamente, aos seguintes puntos:

- Portada.
- Datos do/da estudante.
- Datos da entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas, período de realización das prácticas e número total de horas realizadas que sumarán as 275 horas.
- Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas.
- Valoración das tarefas desenvolvidas e os coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios recibidos.
- Relación dos problemas encontrados e do procedemento seguido para resolvelos.
- Identificación das melloras que, en materia de aprendizaxe, supuxo a estada de prácticas.
- Avaliación final das prácticas e suxestións.
- Bibliografía (opcional, se fora o caso).
- Anexos (opcional, se fora o caso).

c) Xunto coa Memoria de Prácticas cada estudante presentará ao titor/a académico/a un informe de avaliación do centro onde realizou as prácticas seguindo o modelo que se adxunta (ANEXO VIII).

d) Tanto a avaliación do titor/a profesional como a Memoria de Prácticas terán que entregarse a o/a titor/a académico/a antes de que se abra o prazo de sinatura de actas do cuadrimestre no que se desenvolverán ditas prácticas. Da petición da avaliación aos/ás titores/as encárgase o/a Coordinador/a de prácticas. A Memoria de Prácticas terá que ser presentada polo alumnado.



e) No caso de que a media ponderada dos dous elementos de avaliación non chegue ao 5, o/a titor/a académico/a pedirallo ao estudante que, de cara á segunda convocatoria (xullo), presente outra Memoria de Prácticas que lle permita subir a nota, ou ben que desenvolva unha cantidade de horas na organización (nunca superior a 2 ECTS) de xeito que a nova avaliación do/da titor/a da organización permita acadar ou superar o aprobado. De non acadarse o aprobado nesta segunda convocatoria o/a alumno/a deberá matricularse novamente da materia Practicum. O/A Coordinador/a procurará que os/as estudantes que deban matricularse por segunda vez no Practicum podan desenvolver as prácticas no primeiro cuadrimestre do curso lectivo seguinte, se así convén aos/ás alumnos/as.

## 6. Excepcións.

a) Por regra xeral, as prácticas realizaranse no período establecido no horario/calendario aprobado pola Xunta de facultade; non obstante, se un/ha estudante non poderá facer (ou rematar) as prácticas nese período, poderá realízalos noutro momento, de acordo co/a Coordinador/a do Practicum, sendo avaliable, ou convalidable, na convocatoria inmediatamente posterior. Os trámites administrativos e de matrícula, serán os establecidos pola UDC a tal efecto.

b) Se fora o caso dun estudante que viñera desempeñando tarefas propias do profesional da socioloxía nunha empresa ou institución pública ou privada, este/a alumno/a poderá promover a sinatura dun convenio entre a Universidade e a organización na que traballe para que lle sexan convalidados os 12 créditos ECTS do Practicum. No caso de que, por razóns sobrevidas, a firma do devandito convenio non fose posible, o estudante deberá presentar un certificado que acredite que o traballo se realizou e unha memoria na que explique en que medida este se corresponde cos obxectivos formativos do programa de prácticas.

c) Despois de ter asignadas as practicas nunha organización, se o/a estudante decide cambiar de centro de destino, terá que solicitar dito cambio por escrito e de xeito razoado ao/a Coordinador/a do Practicum, e non se poderá comezar a tramitar un novo destino deica que non teña notificación por escrito de que se lle acepta o cambio. Se o/a estudante xa comezara as prácticas haberá que contar, ademais do escrito razoado do estudante, cun informe do/da titor/a do centro onde se estean a realizar. O devandito informe só se terá en conta para a nota final do alumno, sempre que o/a titor/a académico/a e o/a Coordinador/a do Practicum así o consideren conveniente.

e) Se un estudante promovese persoalmente a firma dun Convenio cunha entidade para a realización das prácticas (artigo V.2.c. deste Procedemento), e esta entidade expresase a súa preferencia polo devandito estudante mediante notificación escrita, o/a Coordinador/a asignará a praza atendendo en primeiro lugar a esta última circunstancia.

No caso de que, polos motivos que sexan, un/ha estudante vise anulada a súa posibilidade de facer as prácticas acordadas mediante un convenio motivado, dito/a estudante tería obrigatoriamente que participar na segunda convocatoria do Practicum para obter a súa praza (atendendo aos requisitos enunciados no punto V.3.c).

f) Sendo un dos obxectivos principais do Practicum facilitar a inserción dos estudantes no mundo laboral, no caso daqueles que, ou ben estean a traballar, ou ben acrediten telo feito, o/a Coordinador/a do Practicum poderá considerar, a petición do interesado/a, a posibilidade de recoñecer como superados os 12 créditos correspondentes a esta materia.

## ANEXO I

### Convenio da Universidade da Coruña con ----- para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) do estudiantado da Universidade da Coruña

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES), pon unha especial énfase na realización por parte do estudiantado universitario de prácticas externas en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a conciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalo correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

Por este motivo,

#### COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

E, pola outra, ..... con DNI ....., en nome e  
representación da entidade ..... , con CIF.....  
e sede en ..... CP..... Provincia.....

As dúas entidades recoñécense respectivamente personalidade, capacidade e competencia para outorgar este convenio, polo que

#### ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares e extracurriculares) ao abeiro do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario, e do Regulamento de prácticas académicas externas da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de abril de 2013, e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, o 29 de setembro de 2015 e o 29 de maio de 2018, de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto posibilitar que o estudiantado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (en diante, a UDC) faga prácticas externas (curriculares e extracurriculares) dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola empresa..... (en diante, a Entidade).

#### SEGUNDA. Persoas beneficiarias e requisitos

Poderán ser beneficiarios deste convenio os seguintes tipos de alumnado:



a) O alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos.

b) O alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulan eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

O alumnado beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Nas prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación. b) Canto ás prácticas extracurriculares, o/a estudante deberá cumprir estas condicións:

- Estar matriculado/a na ensinanza á cal se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que se adquirirán.
- Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos de formación básica. No caso de estudantado de mestrado esta porcentaxe será do 25%. No caso doutros programas formativos o/a alumno/a terá que estar matriculado/a no programa de que se trate.
- Non superar a duración en horas establecida no artigo 14 do Regulamento de prácticas curriculares e extracurriculares da UDC no mesmo ano académico. De existiren vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderá participar o alumnado que superase estas horas.
- Estar matriculado/a de maneira oficial (matrícula ordinaria) segundo o procedemento establecido pola UDC.

Non poderá ser beneficiario destas prácticas o estudantado que manteña algunha relación contractual coa Entidade, agás no caso das prácticas curriculares sempre e cando se conte coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, logo do informe da Comisión de Prácticas da UDC.

### **TERCEIRA. Duración**

a) Prácticas curriculares: terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos dispostos no artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, ou norma posterior que o substitúa. As prácticas levaranse a cabo de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.

b) Prácticas extracurriculares: durante o período lectivo as prácticas extracurriculares non excederán as 750 horas, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, atendendo ao disposto no artigo 14 do Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da UDC, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.

c) Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Entidade. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.

d) Excepcionalmente, nos casos en que o estudantado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias, e sempre coa autorización do/a titor/a académico/a.

#### **CUARTA. Dereitos e obrigas do alumnado**

Durante as prácticas, o alumnado comprometerase a cumprir as condicións concretas que se sinalen para elas; a efectuar as actividades que a Entidade lle encomende dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Entidade, mesmo unha vez finalizado o período de prácticas, e a manter o contacto coas persoas designadas como titoras.

Ao estudantado garantiráselle, en todo caso, os dereitos previstos no artigo 9 do Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, así como os permisos que recoñeza a normativa vixente.

Unha vez finalizado o período de prácticas, o alumnado elaborará unha memoria final que entregará ao/á titor/a do seu centro. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais.
- b) Entidade colaboradora en que levou a cabo as prácticas e onde está situada.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas na Entidade, con indicación do(s) departamento(s) da Entidade en que se realizaron.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos seus estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas que se lle presentaron e dos procedementos que se seguiron para resolvelos.
- f) Contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes de cara á formación do/a alumno/a.

#### **QUINTA. Dereitos e obrigas da Entidade**

A Entidade comprométese a fixar, conxuntamente coa UDC, o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos do estudantado no tocante á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo cumprirá cos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que levará a cabo o estudantado en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

A Entidade expedirá un certificado acreditativo da realización das prácticas e das súas características para o alumnado. Alén disto, remitirá ao centro debidamente cuberto o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar, entre outros, estes aspectos:

- a) Capacidade técnica.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso do alumnado con discapacidade e dificultades de expresión oral, cumprirá indicar o seu grao de autonomía para esta habilidade e se require algún tipo de apoio técnico ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilidade de adaptación.

- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relación coa contorna laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) No caso das prácticas curriculares, valoraranse ademais as competencias previstas no proxecto formativo.

#### **SEXTA. Relación entre a Entidade e o estudantado en prácticas**

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica obrigatoria por parte da Entidade, malia que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Neste caso, a Entidade deberá dar de alta na Seguridade Social o alumnado e cotizar por el nos termos previstos polo Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, e a normativa que o desenvolva.

